



# À Buxaina







**CANTO TRABALLARON AS MAMÁS NO ENTROIDO!!**







**OS DE INFANTIL PLANTANDO CARBALLOS!!**



Páxina a cargo do grupo de Ed. Infantil

**SAÍDA Ó CONSERVATORIO**






## CELEBRAMOS OS MAIOS



## @S LARPEIR@S DO MARMELO








# ASÍ SON EU...

3 años

Página a cargo do grupo de Infantil 4º



VALLE



ALVARO



MERCEDES



XIANA



ZOFI




TAIN





LOLA

MENCIA



NEREA

JAVI





# 4 anos

## CON QUE RIMAN OS NOSOS NOMES?

YUAN: PAN \_\_\_\_\_

IAGO: LAGO \_\_\_\_\_

NOA: BOA \_\_\_\_\_

BRAIS: PAIS \_\_\_\_\_

AROA: COROA \_\_\_\_\_

NOÉ: PAÍS \_\_\_\_\_

EMMA: XEMA \_\_\_\_\_

GAEL: PINOEL \_\_\_\_\_

AISSA: LISA \_\_\_\_\_

ANXO: RIANXO \_\_\_\_\_

GUILLERMO: TERMO \_\_\_\_\_

ROI: BOI \_\_\_\_\_

IKER: FLIPAR \_\_\_\_\_

ZACARÍAS: B W L ERÍAS





"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO

POR FERROL"

YUAN AGELEDO TRUFERO



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO

POR FERROL"


NOA POLO RREGUA



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO

POR FERROL"

EMMA FRAGA RICO



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO

POR FERROL"

NOE VÁZQUEZ ALAREZ








"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO  
POR FERROL"  
BRAS FEAL BOBRASO



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO  
POR FERROL"  
ROÍ VILTO LOPEZ



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO  
POR FERROL"  
GUILLERMOQUINTÁS FREIRE



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO  
POR FERROL"  
ZACARIAS








"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO  
POR FERROL"  
ARA CANVO BUSTELO



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O  
DEMO POR FERROL"  
CAEL SANCHEZ RODRIGUEZ



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO  
POR FERROL"  
IKER RU IS ASPRÓN



"CANDO CHOVE E RAIA O SOL ANDA O DEMO  
POR FERROL"  
ANXO LORENZO DÍAZ





# Os meses

# 5 anos

IAN FERNANDEZ REY  
 XANEIRO  
 "NO MES DE XANEIRO  
 PON OS PES  
 NO BRA SEPRO"

FEBREIRO  
 "EN FEBREIRO  
 SETE CAPAS  
 UN SOMBREIRO"



MARZO  
 "MARZO MARZOLO  
 TREPÓN E RAILO"

ABRIL  
 "EN ABRIL  
 AUGAS MAL"  
 SALOMÓN J MENEZ J MENEZ




ESTRELLA MARQUEZ SALAZAR






MAIO  
"EN MAIO AINDA  
A VELLA  
QUEIMA O TAIO"



FAIZA GARCIA SILVA

JUDITH GALKIN-FERRER

XUÑO  
"XUÑO BRILLANTE  
ANO ABUNDANTE"



NICOLAS LISTA RODRIGUEZ

XULLO  
"XULLO NORMAL  
SECO TODO MAMANTIAL"



AGOSTO  
"AVGA EN AGOSTO  
MEL E MOSTO"




EVELYN SALAZAR PIA



SETEMBRO


"SETEMBRO OU SECA OS RIOS  
OU LEVA AS PONTES =



ADRIAN BARCIA MOSQUER

OUTUBRO

"OUTUBRO CHUVOSO  
ANO COPIOSO =



CRISTINA GARCIA MONTEIRO

NOVEMBRO

"NOVEMBRO ACABADO  
INVERNO EMPEZADO =

ADRIAN BARCIA MOSQUER



DECEMBRO

"NADAL CHUVIOSO  
XANEIRO VENTOSO =



PAULA VAL-LAIDBIH





Ola a todos e todas!

Somos os nenos e nenas de 1º e 2º cursos de EP da escola Manuel Masdías e ímosvos contar un pouco do que fixemos ao longo deste curso:



En **setembro** comezamos o curso coñecendo a **Vicent Van Gogh**.



En **outubro** veu ao cole un contacontos, empezamos cos padriños e madiñas lectoras, e fomos de excursión ao parque coñecer a flora e a fauna da nosa contorna na Aula de Ecoloxía Urbana, e mais visitar Aquaciencia. Tamén aprendemos moitas cousas do número do noso zapato.








NENAS	Nº DE CALZADO	NENOS	Nº DE CALZADO
ROSALIA	28	PABLO	30
SILVANA	37	XIAO	31
JICIA	29	EGAR	31
AIKA	31	DANIEL	30
UKIN	30	BRUNO	32
CANDELA	29	ANTONIO	31
YANSA	32	JAIRO	28
DEBORA	32	ABRAHAM	33
JOANNA	30	QUE NENA CALZA O NÚMERO MAIS ALTO? SILVANA	
SADRA	30		
YANELA	30		
STAMANTA	37	QUE NENO CALZA O NÚMERO MAIS ALTO? ABRAHAM	
CAROLINA	29		
ANDREA	27		



En novembro celebramos o Samaín e o Magosto na escola comendo castañas e facendo un festival onde actuamos cantando a canción "Outono chegou". Tamén celebramos o Día Internacional contra a violencia machista co conto "Os porcos".








En **decembro** celebramos a festa do Nadal e actuamos no festival coa canción "O reloxo de Alberte", de TIC-TAC.

En **xaneiro** comezamos un novo ano indo de excursión á Coruña, visitando o Planetario e mais A casa dos peixes. Pero non só iso, tamén celebramos o Día da Paz construíndo un gran mural entre todos os alumnos e alumnas da escola.





E neste mes, mesmo cociñamos un biscoito na clase.

Luns, 24 de xaneiro de 2011

### BISCOITO DE LARANXA E CHOCOLATE

#### Ingredientes:

- 1 laranxa enteira.
- 3 ovos.
- 1 isotrite
- 4 culleradas de chocolate en po.
- 1 vaso de aceite de xirasol.
- 100 gr. de arúcar.
- 300 gr. de fariná.
- 1 sobre de leudadura.
- 1 chisquiño de sal.

#### Como se elabora:

Primeiro misturamos os ingredientes. Despois os batimos coa batidora. A continuación metemos a masa nun molde untado con aceite. Finalmente o metemos no forno e o deixamos coor durante 30

En **febreiro** fomos ao teatro Jofre ver a obra "Os narigudos" e tamén tivemos a "Semana do Amor" para celebrar o San Valentín.



E que fixemos en **marzo**? Pois celebramos o Entroido disfrazados de rotondas, fixemos a nosa parte do xuízo ao Meco e escribimos a nosa Rumboia. Tamén nos presentamos a un concurso de poemas "Ferrol sen Filtro" e Carolina, de 1º, gañou un premio! Rematamos o mes plantando unha árbore polo Día da árbore e celebrando O Día Internacional das mulleres co conto "O país dos mandóns".






En **abril** volvemos ao Jofre. Esta vez vimos “Lela anda en bicicleta” e celebramos O Día Internacional do Pobo Xitano. Comezamos tamén a traballar o noso horto, plantamos cabazas, patacas, maínzo, chícharos... que fomos coidando ao longo do curso.








En maio trouxemos á clase vermes de seda para observalos e estudalos. Celebramos os Maíos cantando e bailando, e coñecemos a Lois Pereiro celebrando a Semana das Letras Galegas. E tamén soubemos quen é Pablo Picasso, porque fomos ver parte da súa obra ao museo da Fundación Nova Caixa Galicia, onde tamén nos contaron un maravilhoso conto mitolóxico do Minotauro. E como non, fomos buscar o premio de Carolina.



DATA	QUE FAN?	COMO SON?	OBSERVACIÓNS	DATA	QUE FAN?	COMO SON?	OBSERVACIÓNS
2-5-11	comen, comen e comen.	ooooooooo	Temos 15 orugas grandes e pequenas. Son brancas, longas e estreitas.	4-5-11	comen, crecen e defecan.	ooooooooo	Non paran de comer. Os excrementos son cadra duros negros. Fixeron uns casulos son de 2 rectas e eles dentro.
4-5-11	comen, crecen e defecan.	ooooooooo	Non paran de comer. Os excrementos son cadra duros negros. Fixeron uns casulos son de 2 rectas e eles dentro.	6-5-11	encasuláronse.	OOO	Temos 5 casulos, 10 orugas adultas e 7 que seguen crecendo. Os pequenos medraron e mudaron de 1ª.
6-5-11	encasuláronse.	OOO	Temos 5 casulos, 10 orugas adultas e 7 que seguen crecendo. Os pequenos medraron e mudaron de 1ª.	7-5-11	mudan os pequenos.	OOO	Os pequenos medraron e mudaron de 1ª.
9-5-11	encasuláronse con 2 maíos.	OO	Vimos como estaba facendo o casulo.	18-5-11	encasuláronse todos. Morrieron 2 orugas.	OO	Son todos os casulos.
20-5-11	saen do casulo non comen.	OO	Saíu 1 bolboretta. Tardou 14 días en saír do casulo. Queda a muda no casulo.	23-5-11	saen máis bolboretas. Non comen.	OO	Temos 4 bolboretas pero son todos machos polo que non se aparearon. Non comen.
25-5-11	apareáronse máis bolboretas.		Nace unha femella. Hai 2 pareadas e outras sen pararella. O abdome das femellas é máis voluminoso.	25-5-11	morrieron.		Ya temos 2 pareadas de bolboretas apareadas. As outras sen pararella e 5 casulos. Hai moitos ovos arredados e pequenos. Despois que se aparearon tardaron 2 días en poner ovos.
25-5-11	apareáronse máis bolboretas.			30-5-11	morrieron.		Mostrou unha bolboretta. Chegamos ao final do ciclo das serpias de seda.







E xa en **xuño**, o último mes do curso, rematamos coa excursión de Fin de Curso a Aldea Nova e coa saída ao teatro Jofre ver a obra "Tansarina"; e como non, coa festa no cole de remate do curso.

Ao longo de todos estes meses tamén fixemos:

O proxecto *Así son eu en...* para ver como iamos cambiando mes a mes.





O calendario, traballando os días da semana, os meses e os anos, o tempo atmosférico e os refráns.

MARZO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			



MARZO 2011

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO



Tamén aprendemos moitas cousas sobre seguridade vial co proxecto que se levou no centro "Móvete con Tino".

E por fin, neste mes de xuño, celebramos tamén, que ¡nos imos de vacacións os meses de **xullo** e **agosto**!



Ata  
o curso que vén!





Na clase de plástica traballamos a cor a través dos cadros de SARA CATENA.



Copia realizada por Andrea Agulló

Na clase de Lengua traballamos os caligramas. Este é un feito por Verónica





## AS LUVAS

As luvas son verdes  
coma a herba  
coma a mesa.  
Para ti Marcos  
con moitos azos.

Kevín



A PAISAXE  
A paisaxe é dourada,  
coma o ouro,  
coma as moedas  
Para ti Aridia  
unha caricia.

Samaria



O CAN  
O can é marrón,  
coma a terra  
coma o chocolate  
Para ti Sabela  
unha grande candeia.

Isabella





A ROSA

A rosa é branca,  
coma a neve,  
coma o leite.  
Para ti Marga  
cun bico na cara.

Judit



A MARGARIDA

A margarida é branca  
e amarela  
coma o folio,  
coma o ovo,  
coma o sol,  
coma o limón.  
Para ti Csaba  
cun agarimo na cara.

Marcos



A ROSA

A rosa é vermella,  
coma a papoula,  
coma a xoaniña.  
Para ti Verónica  
unha boa historia.

Judit





## O GATO

O gato é negro,  
coma o carbón,  
coma a escuridade.  
Para ti Isabella  
cunha forte aperta.

Sabela



## O GATO

O gato é negro e branco,  
coma o carbón,  
coma a espuma.  
Para ti Isabella  
porque es moi bela.


Verónica



## A PAPOULA

A papoula é vermella,  
coma o tomate,  
coma o sangue.  
Para ti Tais  
unha aperta máis.

Csaba



## O TULIPÁN

O tulipán é malva,  
coma a lila,  
coma a vea.  
Para ti lago  
que cumpras anos.

Aridia



**SAMAÍN**



A festa do Samaín  
 O Samaín é unha festa do outono que se celebra a noite dos defuntos (31 de outubro). Cada nenoga na súa casa baleira unha cabaza, pónenlle ollos, nariz, boca e disfrazárala de cousas. As cabazas levámolas ó colexio e expoñémolas na entrada.  
 Pola tarde xuntámonos os alumnos/as, profes e pais/máis a comermos castañas asadas con leite xogar, cantar, contar lendas de medo, tocar as gaitas e falar.

Ao anoitecer imos en procesión levando as nosas cabazas seguindo á bruxa Maruxa.



**OS MAIOS**

Os Maíos

O primeiro venres de maio foi a festa dos Maíos no noso colexio.

Os maíos son estruturas de madeira e rede que hai que cubrir con xestas e flores.

Os nosos teñen formas de cono e pirámide. Antes do día da festa cada curso fixo flores de papel. Ese día, no tempo da

hora de ler, baixamos ó xardín e sentámonos no chan. Cada curso, dende Infantil ata 6º de Primaria, foi poñendo no maio



as flores de papel que fixerzan. Para rematar a festa cantamos unha copla que di así:

Maío, maio            Maío, maio  
 cheo de flores,      cheo de flores.  
 Maio, maioño        Maio, Maial  
 de amores cheiño.   florido e lacazañ.

¡Pasándo moi ben!







A portada da revista. Cada ano os nenas e nenos do Manuel Masdiás fan un debuxo sobre calquera tema, despois os profesores/as que non son titor/es/as seleccionan os debuxos máis bonitos. Unha vez escollidos, pñenos nunha cortiza todos numerados. Despois temos que votar os alumnos/as e o que teña máis votos sae na portada. Os outros catro máis votados saen na contraportada.



**ENTROIDO**







O Manuel Masdiás celebra o Día das Letras Galegas.

Este ano dedícouse o Día das Letras Galegas a Lois Pereiro.

No noso colexio todos os cursos nos reunimos no salón de actos, este ano vimos unha proxección sobre a vida e a obra de Lois Pereiro.

Alguís nenos e nenas de sexto lían as diapositivas para que os pequenos, que aínda non saben ler, escoitaran.

Para rematar o acto cantamos o himno de Galicia.



ARTE NA BIBLIOTECA



LENDO A XOÁN FARIAS







**ALDEA NOVA**



Páxina a cargo do grupo de 4º EP



Fin de curso  
 Último partido da liga, as risas do colexio. Os de sexto contra os profesorexas. Dentro da festa de fin de curso este enfrontamento é unha das cousas máis divertidas. Normalmente, animase máis ós de sexto, pero quizáis este ano os profesorexas reciban a maioría dos aplausos, porque xa estamos acostumados a que ganen sempre e cansados de animar ó outro equipo e perder. Este ano espero que nos divertamos moito.



**DÍA DA ÁRBORE**



PÁXINA





## AS FRAGAS DO EUME

### As Fragas do Eume

Gerson

Levamos todo o curso investigando os animais das Fragas do Eume: a martaraña, o bufo real, o piqueto azul, a londra, a carricanta, a libeliña, a cobra de colar, o esquío, a xeneta, a lavandeira real, a ra de San Antón, o merlo rieiro, a pega marza, o teixugo, o ferreiro abelleiro e, por último, o lagarto das silvas.

Aínda quedan moitos, pero non nos deu tempo. Temos toda a vida para aprendelos e investigalos.

COÑECEMOS MÁIS OS ANIMAIS DA SELVA QUE OS NOSOS. NON É NORMAL.

### A reportaxe

Alba

Cando chegamos vimos unha reportaxe que nos explicaba como é e que hai nas Fragas do Eume. Observamos mamíferos, aves, réptiles, anfibios e peixes. Tamén tipos de plantas e a ruta que tes que facer para percorrer toda a fraga.

Dentro da fraga destaca o bufo real porque é unha ave que está en perigo de extinción e ademais é unha ave galega moi bonita.



### As plantas

Marta

Comezamos a andar á esquerda do río e ao longo do camiño atopamos moitos tipos de árbores, a maioría de árbores témolas no colexio. Atravesamos o río por unha ponte que se movía moito. Desde alí vimos como as árbores cubrían o río para protexelo do sol.

No lado dereito andamos e vimos moitas herbas, arbustos e árbores. Unha das máis descoñecidas era a xilbarbeira; fixémoslle foto.

Foi unha mágoa que non nos puidésemos quedar un pouco máis; iamos seguir río arriba, pero o autocar agardaba.

### O felgo e o bugallo

Michelle

Na saída das Fragas do Eume informáronos de que alí había felgos que en Europa xa desapareceran. Tamén vimos un bugallo, que nos explicaron que era un tumor do carballo. Outra versión di que se forma debido a que un insecto pon o ovo na flor; logo, no canto de evolucionar como unha landra, queda de forma arredondada, o bugallo. Cando o insecto se desenvolve sae deixando un buratiño.



## Currica (corripa, corriza, ouriceira) *Alba*

Unha currica é unha parede de pedras de forma circular onde se gardaban as castañas para que non as comesen os animais. Alí a temperatura das fragas mantiña as castañas frescas. Logo a xente ía por elas segundo as necesidades dos veciños. Antigamente a xente comía castañas con todo tipo de comida, ata que os descubridores de América trouxeron a pataca.

## Os tritóns *Michelle*

Un dos guías meteu a man nunha gabia e colleu dous tritóns. Explicounos que os tritóns femias tiñan a panza máis clariña que os tritóns machos.

Tamén nos explicou como se reproducen: o macho enrosca a cola e, se á femia lle gusta, tócalle a parte lateral. Hai máis de cincocentas especies. Algúns deles son o tritón americano, o tritón común, o tritón alpino, o tritón apincarado e moitos máis.

## Merlo rieiro *Eloi*

Hai uns días fixemos un conto que trataba dun merlo e unha formiga; eu escollín o merlo rieiro e, para facelo, tiven que consultar no ordenador.

Uns días despois fomos ás Fragas do Eume e deu a casualidade de que descubrí un merlo rieiro enriba dunha pedra e tivemos tanta sorte que quedou tanto tempo que puidemos sacarlle fotos; o monitor explicounos que, normalmente, están uns segundos e marchan.


## Pimpín

Logo de ver o merlo rieiro seguimos camiñando ata a ponte. Ao pé da ponte escoitamos un pimpín, pero non chegamos a velo. Logo, o resto do camiño seguímolos escoitando durante a ruta; os monitores dicíannos que estivésemos calados para escoitalos e non espantalos.

## O río Eume *Sergio*

O río Eume atravesa a fraga. Dálles humidade ás plantas, auga e comida ós animais, e acubilla moitos peixes e anfibios, ademais de insectos.

Levaba moita auga. O río é a vida da fraga. A auga ó longo do leito ás veces remansa, pode ser derriba dun pozo, ou corre rápido, coma na presa. Nas beiras do río hai moita vexetación. O río Eume nace na provincia de Lugo, no pico do Cadramón. A fraga é o bosque que cubría Galicia hai moitos anos. Grazas á pasividade dos habitantes de Galicia está case desaparecida.







# O HORTO

Marta



Os nenos e as nenas de quinto de primaria fomos ao horto. Limpamos todo con Fátima, unha nai que traballa moi ben e é moi rápida. Ela aprendeunos a arrincar herba mala e a sachar. Tamén a levar a herba sen mancar as costas.



Cavar é quitar terróns. Logo sacudirlles a terra e amorear a herba e as raíces para que sirvan como abono.

Sachar é remover a terra para aireala ben e logo sementar.







## BOMBÓNS DE "CHICULATE"

Alba

### Ingredientes

- Margarina – 550 g.
- Cacao puro ou chocolate en po – 6 culleradas.
- Caixa de galletas tostadas.
- Azucre, caso de usar cacao puro – 3 culleradas.

### Elaboración

- Bátese a margarina (sacalo do frío o día anterior).
- Engádeselle o azucre e o cacao; reméxese ben.
- Esmágase a galleta.
- Xúntase todo e mestúrase cunha luva.
- Fanse as bólas e envólvense cos fideos de chocolate.

POR ÚLTIMO, ¡PÁPANSE!





**SAÍDA FIN DE PRIMARIA - CANTABRIA**

No autobús paseino ben, escoitando música e cantando. Paramos comer nunha gasoleira e cando chegamos deixamos as maletas, fixemos as camas e baixamos ao patio tirarnos en tirolina, facer tiro con arco e facer escalada no rocódromo.

Ao día seguinte fomos ao Parque Natural de Cabárceno onde vimos monos, gorilas, xirafas, rinocerontes, panteiras, hipopótamos, tigres, leóns, osos, avestruces, cervos, ñus, llamas, cabalos, coellos, mulas, cabalos, tartarugas, cabras... Pola tarde regresamos ao parque e vimos un espectáculo de focas e leóns mariños e un espectáculo de aves.

Outro día fomos ás covas de Altamira e de noite fixemos un xogos de pistas.



En Cantabria paseino moi ben, foi moi divertido.

Cando chegamos tirámonos pola tirolina, que era xigante; logo escalamos polo rocódromo ¡era a parede enteira! e por último tiramos con arco. Pola noite fixemos un xogo onde había que memorizar códigos por todo o albergue e facer probas.

Ao día seguinte fomos ao Paque Natural de Cabárceno; alí vimos todo tipo de animais e de espectáculos con leóns mariños e aves. Ese memo día tamén visitamos a cidade de Santander e paramos nunha xadería na que daban unhas bólas de xeadado xigantes.

O mércores fomos en teleférico aos Picos de Europa e pola tarde fomos á praia.

O xoves visitamos as covas del Soplao e as de Altamira, e pola tarde percorremos Santillana del Mar. Cando chegamos ao albergue metémonos na piscina.

Ao día seguinte, venres, despois de almorzar, regresamos á casa con moitos agasallos.





A viaxe a Cantabria foi moi divertida. Visitamos o Parque Natural de Cabárceno, a cidade de Santader, o pobo de Potes e Santillana del Mar.

Fomos a un albergue moi divertido onde había piscina, campo de tenis, tirolina, tiro con arco e rocódromo.

Pola noite, despois de cear, faciamos actividades. A máis divertida foi a da discoteca. Ás doce da noite había que estar deitados na cama para estar descansados para o día seguinte.

Foi moi divertido.

¡Oxalá poidamos volver!





## DESPEDIDA DO COLEXIO

Levo neste colexio desde Infantil. Dáme moita pena deixar o Manuel Masdías despois de estar tantos anos de experiencias neste cole. Tamén botarei de menos a todos os nenos/as do cole.

Estou moi contenta de ir ao instituto e ver aos meus compañeiros/as do ano pasado. Neste cole ensináronme a escribir, a ler, a ser boa persoa... Nunca esqueceréi este colexio onde aprendín tantas cousas boas e tampouco esqueceréi a Olga, a Rosa, a Marga, a Óscar e a Montse, aínda que na clase de música berra moito.

Despídome do cole ata pronto, nunca esqueceréi ao meu colexio.



Vin ao Manuel Masdías cando tiña tres anos. O que máis me gustou deste colexio foron a excursións e as festas que se facían. Metinme en moitos problemas pero tamén o pasei moi ben e aprendín moitas cousas coma: xogar ao xadrez, dividir, sumar...

Alégrame pasar ao instituto, aínda que fixen moitos amigos e deixo profesores e profesoras: Óscar, Pili, Emilia, Roberto, Marga, Estrela, Montse, Ánxeles, Lupe, Rosa, as profesoras de infantil, Olga e tamén Teacher, que nos dá inglés.

Tamén botarei de menos aos meus compañeiros de clase cos que en momentos pelexamos e noutros momentos rimos todos xuntos. Ao mellor algúns nenos e nenas do colexio van ao mesmo instituto ca min e riremos máis, pero aos que quedan no Manuel Masdías dígolles isto: "Espero que vos vaia ben e deséxovos moita sorte.



Cheguei ao colexio aos 3 anos. Boto de menos a unha profesora: Aurora.  
Vou botar de menos o cole e tamén algúns profesores e profesoras como Teacher, Óscar, Ana, Rosa, María e Olga. A outros non os vou botar tanto de menos, por exemplo a Montse, que berra moito, a Roberto, a Rocío e a Pili.



Paxina a cargo do grupo de 6º EP



O colexio para min foi moi importante estes anos. Este ano de sexto paseino moi ben; o que máis me gustou deste colexio foron os amigos e amigas e a forma de ser dos profesores/as.

O que vou botar de menos, cando me vaia, van ser os profesores: de primeiro a Teacher, de segundo a Óscar, de terceiro a Rocío e de último a Montse. Tamén vou botar de menos aos meus compañeiros: Andrea, Silvia, Betania...



**X**a pasou un novo curso e a nosa formiga favorita quere lembrarnos algunhas das actividades que realizamos na biblioteca.

## MOCHILAS VIAXEIRAS

ESTE ANO TIÑAMOS MOCHILAS  
PARA TÓDOLOS GRUPOS DO  
COLEXIO



De novo saíron cara ás casas dos nosos alumnos e alumnas para compartir un tempo de lectura con toda a familia.

Dende o Equipo da biblioteca queremos agradecer o interese e as suxestións que as familias nos mostraron nos seus comentarios dos cadernos viaxeiros.

## II CONCURSO SEMANAL DE ADIVIÑAS

Durante este curso tivemos moita participación, incluso sabemos que algúns pais/nais cavilaban nas posibles respostas.

Para non perde-lo hábito ahí vai a última... de animais.

CEN DAMAS MOURAS  
POR UN CAMIÑO.  
NIN ERGUEN PO,  
NIN FAN RUÍDO  
ATA DEIXAREN  
A CARGA DE TRIGO.

Ao longo do curso tivemos diferentes invitados na biblioteca.

## CONTACONTOS





**VIAXANDO POLO ESPAZO**



**ARTE NA BIBLIOTECA**



**AUTOR E ILUSTRADOR: ABRAHAM CARREIRO**





### LECTURAS COLECTIVAS

Conmemoramos deste xeito datas moi significativas.



DÍA DA IGUALDADE



DÍA DO TEATRO



DÍA DO TEATRO



DÍA DA MULLER

### APADRIÑAMENTOS LECTORES

Este curso fixemos unha actividade en varias xornadas que titulamos "Apadriñamentos lectores". Consistiu en que os nenos/as máis maiores compartisen lecturas e traballos relacionados con elas cos máis pequeniños/as. Foi moi agradable e esperamos que contribúa a mellorar o amor polos libros.








DESPÍDOME  
ATA O VINDEIRO  
CURSO E DESÉXOVOS  
UNHAS FELICES  
VACACIÓNS E UNHAS  
REFRESCANTES  
LECTURAS





Os xitanos son unha minoría étnica que se encontra espallada por toda Europa. O pobo xitano chegou a Europa procedente da India. A palabra xitano pocede de “exiptano” porque no século XV creían que os xitanos eran orixinarios de Exipto.

A lingua xitana é o romaní. O caló, un dialecto do romaní, é a lingua que falan os xitanos/as na Península Ibérica.



Yequé  
Duis  
Trin  
Ostar,sistar  
Panché  
Jove,zol  
Ester  
Otor  
Nebel  
Deque

Un  
Dous  
Tres  
Catro  
Cinco  
Seis  
Sete  
Oito  
Nove  
Dez

One  
Two  
Three  
Four  
Five  
Six  
Seven  
Eight  
Nine  
Ten





Jul  
 Gallardó  
 Bardorí  
 Batacolé  
 Cagiñí  
 Plasno

Azul  
 Negro  
 Verde  
 Amarelo  
 Rosa  
 Branco

Blue  
 Black  
 Green  
 Yellow  
 Pink  
 White



Lemitre  
 Guerquege  
 Siscunde  
 Cascañe  
 Ajaró  
 Conche  
 Curcó

Luns  
 Martes  
 Mércores  
 Xoves  
 Venres  
 Sábado  
 Domingo

Monday  
 Tuesday  
 Wednesday  
 Thursday  
 Friday  
 Saturday  
 Sunday


Lachós chibeses - Bo día- Good morning

Ori- Ola- Hello/Hi

Adebel- Adeus- Good- bye/ bye bye

Disde yescotria- Deica logo- See you later

Disde cayicó- Deica mañá- See you tomorrow



Traballo feito coa colaboración da alumna de cuarto curso de primaria Jennifer Gabarre.